Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

OUTRAS FANTASÍAS

A historia do náufrago [Antigo Exipto]

Un príncipe exipcio regresa dunha expedición na que houbo unha gran perda; a nave na que partira naufragou durante a travesía e o príncipe teme o castigo do soberano pois, con seguridade, hao culpar do desatre. Un dos seus servidores, para darlle ánimos, cóntalle a seguinte historia.

««Escoita. Agora vouche contar unha aventura que me ocorreu a min mesmo cando fun ás minas do soberano e descendín ata o mar nun navío de cento cincuenta codos de eslora por corenta codos de manga. Ían comigo cento cincuenta mariñeiros que xa viran o ceo e a terra, e eran máis valentes cós leóns.

Nunca pensamos que pasase o que pasou. Ninguén agardaba vento ningún, pero, de repente, cando estábamos en alta mar, desatouse un furacán e cando nos achegábamos á terra un brisa fresca ergueu do mar unha onda de oito codos. A nave afundiu e dos que ían a bordo só quedei eu con vida. Arrinquei unha táboa do barco, agarreime ben a ela e unha onda conduciume ata unha illa.

Pasei tres días só. Recollido no oco dunha árbore, abrazado á escuridade, sen outra compañía que a do meu corazón. No amencer do cuarto día fun na busca de algo para comer, e atopei figos e uvas, magníficas peras, baias e grans, melóns cantos quixer, peixes, paxaros; non había nada que non se puidese atopar naquel lugar. Farteime e tirei polo chan o que me sobrou. Despois busquei a maneira de prender un lume e ofrecinlles un holocausto aodeuses.

Pero, de repente, escoitei coma un trono e pensei: é unha onda do mar. As árbores renxeron, a terra tremeu, destapei o rostro e vin o que se achegaba; unha enorme serpe de trinta codos de longo cunha cauda de dous codos. O seu corpo tiña inscrustacións de ouro e as súas cellas eran de auténtico lapislázuli. Vista de lado era

aínda máis perfecta aquela cobra. Abriu a boca fronte a min, eu enfronte dela, deitado sobre o meu ventre, e díxome.

□¿Quen te trouxo, vasalo? ¿Quen te trouxo? ¿Quen te trouxo? ¡Se non me dis inmediatamente quen te trouxo ata esta illa, ensinareiche como, reducido a cinsa, te convertes en invisible!

Eu, tomado polo medo, tratei de responderlle algo para acalmala:

□Fálasme e non te escoito; estou diante de ti pero perdín o coñecemento.

Entón a serpe tomoume na súa boca, trasnportoume á súa morada e pousoume sen facerme ningún mal. Estaba san e salvo e, o que é mellor, con todos os meus membros no seu sitio. Logo, eu aínda estaba boca abaixo diante dela, abriu a boca e díxome:

□¿Quen te trouxo, quen te trouxo, vasalo, ata esta illa do mar coas dúas beiras batidas polas ondas?

□Descendía□ respondinlle coas mans estendidas cara ela□ ás minas nunha misión do soberano nun navío de cento cincuenta codos de eslora por corenta codos de manga, levaba cento cincuenta mariñeiros que xa viran o ceo e a terra, e eran máis valentes cós leóns. Ningún agardaba o vento, pero o vento chegou cando estábamos en alta mar, e antes de que chegásemos á terra a brisa refrescou e levantou unha onda de oito codos e o navío naufragou. Ninguén quedou con vida, agás eu que puiden arrincar unha táboa e unha onda tróxome ata esta illa.

□Non temas □díxome a serpe□; non temas, vasalo, non temas. Que o teu rostro non se entristeza. Se chegaches ata min é porque deus permitiu que arribases a esta illa das almas benaventuradas, onde non hai nada que non poida atoparse e onde abundan as cousas boas. Vivirás catro meses nesta illa, logo virá un navío do teu país con mariñeiros que che son coñecidos, e regresarás con eles e morrerás na túa cidade. Agora vouche contar como é a vida nesta illa. Estou aquí cos meus irmáns e os meus fillos; somos setenta e cinco serpes entre fillos e irmáns sen mencionar a unha moza que me trouxeron por arte de maxia. Unha vez que caeu unha estrela fugaz saíron os que estaban dentro do lume a apareceu a rapaza. Menos mal que eu non estaba entre os que andaban no lume, senón morrería queimada. A moza apareceu entre os cadáveres, soa. Ti, se es valente, abrazarás os teus fillos, bicarás á túa muller, volverás ao teu país e vivirás alí entre os teus irmáns.

Entón deiteime sobre o meu ventre, toquei o chan coa fronte diante dela e díxenlle:

□Contereille de ti ao soberano, falareille da túa grandeza e farei que che traigan afeites, perfume de aclamación, ungüentos, cañafístula, incenso dos templos co que se gaña o favor de todos os deuses. Contarei o que me pasou e o que vin grazas a ti, farei que te adoren na miña cidade. Degolarei para ti touros, entregareinos ao lume, estrangularei paxaros e farei que che traian navíos cargados con todas as riquezas de Exipto, como se fai cun deus amigo dos homes nun país afastado que os homes non coñecen.

A serpe riuse de min e díxome:

□¿Cres que non hai aquí abundante mirra e incenso? Eu son o rei do País de Punt e teño de todo; nesta illa só escasea ese perfume de aclamación que prometes enviarme. Pero ocorre que unha vez que marches deste lugar, endexamais volverás a esta illa porque desaparecerá.

Tal e como a serpe me dixera chegou o navío. Cando o vin subín a unha árbore alta e, efectivamente, recoñecín

aos mariñeiros; eran os mesmos que se afundiran cando o noso barco naufragou. E corrín comunicarllo á serpe, pero ela xa o sabía e díxome:

Boa sorte, vasalo, volve á túa casa, reúnete cos teus fillos e deséxoche que o teu nome teña boa fama na túa cidade.

Boteime boca abaixo coas mans estendidas cara ela, e ofreceme mirra, perfume de aclamación, ungüentos, cañafístula, pementa, afeites, pó de antimonio, semente de ciprés, algo de incenso, caudas de hipopótamo, dentes de elefante, de lebrato, de babuinos, de xirafas, e toda caste de fantásticas riquezas. Cargueino todo no barco e despois aínda, botándome boca abaixo, volvín a adorar a serpe. Ela díxome:

En dous meses chegarás ao teu país, abrazarás aos teus fillos e logo irás renovarte á túa tumba.

Despois achegueime ao barco, e chamei aos soldados. Repetín o agradecemento ao señor da illa, os que estaban no navío fixeron o mesmo e zarpamos. Tomamos rumbo ao norde, á residencia do soberano, e chegamos ao palacio ao segundo mes, tal e como a serpe me anunciara.

Presenteime diante do soberano e ofrecinlle os regalos que traía da illa, e el adoroume en presencia dos homes de todo Exipto. Fixo de min un servidor e recompensoume con fermosas escravas.»»

Esta é a miña historia, príncipe. Escóitame, pois é bo para os homes escoitar.

O príncipe dixo:

¡Non perdas o tempo, meu amigo! ¡Quen daría auga a unha oca a véspera do día que a van degolar!

Conto extraido do libro de A. Reigosa "►Os dous irmáns e outros contos populares do antigo Exipto

, Edicións Morgante, 2008.



BIBLIOGRAFÍA

NOTAS

Foi Woldemar Golénicheff quen descubriu o ano 1881, nun lugar sen precisar, o papiro que contén este conto e quen o deu a coñecer ao ano seguinte no *V Congreso Internacional de Orientalistas* celebrado en Berlín. O papiro gárdase agora no Museo Ermitage de San Petesburgo. Os especialistas supoñen que este conto da XII dinastía (séc. XX-XVIII a. d. C.) se copiou en papiro, polo tipo de escritura, antes da dinastía XVIII (1551 a. d. C.-1526 a. d. C.) e que a acción ten lugar na cidade de Elefantina.